



NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA **(RESUMO DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO)**

- Está prohibido comer ou beber na aula, só está permitido na cafetería ou nas zonas exteriores do instituto, sempre dentro do recinto escolar.
- Non está permitido o uso de aparatos electrónicos de reprodución ou gravación de son ou de imaxes, así como de telecomunicacións (móviles). O non cumprimento desta norma levará á incautación do aparato podendo ser retido ata final de curso en caso de uso reiterado.
- O consumo de tabaco está totalmente prohibido en todo o recinto escolar e nun radio perimétrico de 100 metros do mesmo.
- Débese respectar e coidar o material de clase, manténdoo limpo e en perfectas condicións.
- O alumnado deberá ir á clase provisto do material didáctico que corresponda.
- O alumnado que cause danos nas instalacións do centro ou no seu material, estará obrigado a reparar o dano causado ou sufragar o custo económico da súa reparación. O alumnado que subtraia bens do centro deberá restituír o substraído, así como aterse ás consecuencias (apertura de expediente, etc.) que poidan derivar do feito.
- En ausencia dun profesor/a, o alumnado deberá permanecer na aula cos profesores/as de garda.
- O alumnado da E.S.O. ten prohibido saír do recinto escolar. Só poderá abandonalo coa autorización do seu titor ou do Xefe de Estudos, previa solicitude xustificada e por escrito dos seus pais ou titores legais, que será cuberta na conserxería.

FALTAS DE ASISTENCIA

- Se un alumno/a falta a un exame, **non se lle permitirá repetilo sen unha nota xustificativa** dos seus pais ou titores legais que o profesor considere razoable.



- As faltas de asistencia terán que xustificarse cumprimentando o modelo oficial que está dispoñible na páxina web do Centro e pode ser descargado, imprimido e fotocopiado. Cómpre cubrir todos os apartados incluídos no impreso.
- O xustificante debe ser entregado asinado polo pai/nai ou titor legal ao profesor/a titor/a nun **PRAZO MÁXIMO DE TRES DÍAS**.
- As faltas de asistencia á clase para preparar un exame, por quedar durmidos, etc., serán consideradas como faltas sen xustificar.
- As faltas por enfermidade de máis de 3 días deberán ser xustificadas achegando o xustificante asinado polos seus pais ou titores o antes posible.
- Segundo o Proxecto Educativo do Centro, cada 2 faltas de puntualidade terán a mesma consideración que 1 falta de asistencia e deberán ser, así mesmo, xustificadas.

Límites de faltas de asistencia inxustificadas e atrasos:

- Cando se acaden *8 faltas sen xustificar*, enviáraselle por parte do titor/a o **1º apercibimento**, que conlevará unha corrección por conduta contraria ás normas do Centro.
- Cando se acaden *16 faltas sen xustificar*, enviaráselle o **2º apercibimento**, que conlevará, así mesmo, a correspondente corrección.
- Cando se superen as *30 faltas sen xustificar*, enviarase o **3º apercibimento**. No caso de **Bacharelato** este apercibimento implicará a **PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA** no curso, nunha ou en varias materias, tendo que someterse aos sistemas de avaliación previstos para estes casos no Proxecto Educativo do Centro e nas Programacións Didácticas dos Departamentos.